



## DATOS IDENTIFICATIVOS

### Práctica Penal I

Materia	Práctica Penal I			
Código	O03M110V11115			
Titulación	Máster Universitario en Avogacía e Procuradoría - Ourense			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	1	1c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento				
Coordinador/a	Torres Cadavid, Natalia			
Profesorado	Alonso Lorenzo, M <sup>a</sup> José Díaz Ocampo, José Iglesias Canle, Inés Celia López González, David Silva Varela, María Elvira Torres Cadavid, Natalia			
Correo-e	nataliatorres@uvigo.es			
Web	<a href="http://masteravogacia.webs.uvigo.es">http://masteravogacia.webs.uvigo.es</a>			
Descrición xeral	Esta materia ten como principais obxectivos, por unha parte, coñecer a estrutura do proceso penal e os seus principios informadores, os suxeitos e o obxecto do proceso penal, a súa incoación, a fase de instrución, as medidas cautelares, a pena, a proba no proceso penal, a sentenza e os seus efectos. Por outra parte, profundizar en conceptos e categorías de Dereito penal substantivo, como as clases de delitos e de penas, as regras xerais e especiais de determinación da pena e a responsabilidade das persoas xurídicas.			

## Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código				
B1	CON-01 Recoñecer na elaboración de documentos procesuais, nos interrogatorios e nas probas periciais, as técnicas dirixidas á averiguación e o establecemento dos feitos nos diferentes tipos de procedemento.			
B2	CON-02 Describir detalladamente as distintas técnicas de composición de intereses.			
B7	CON-07 Determinar a instancia administrativa ou xurisdiccional e a acción ou actuación procedentes para a defensa dos dereitos dos clientes.			
B8	CON-08 Recoñecer o instrumento xurídico procedente para representar aos interesados ante terceiros, ante as administracións públicas e ante os órganos xurisdiccionais.			
C1	HAB-01 Aplicar correcta e adecuadamente os coñecementos especializados adquiridos no grao no exercicio profesional ante tribunais ou autoridades públicas, así como nas funcións de asesoramento respectando os principios e valores democráticos e os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable.			
D1	COMP-01 Coñecer e utilizar de forma axustada o dereito á defensa e a postulación procesual dos clientes no marco dos sistemas de tutela xurisdiccionais nacionais e internacionais.			
D6	COMP-06 Expresarse oralmente e por escrito, de forma adecuada ao contexto e ás necesidades ou características especiais de cada destinatario/a, e extraer das feitos consecuencias xurídicas de forma argumentada, en todos os ámbitos procedimentais.			
D7	COMP-07 Interactuar de forma apropiada cos/as cidadáns, institucións e outras persoas profesionais.			

## Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
---------------------------------	---------------------------------------

- CON-01 Recoñecer na elaboración de documentos procesuais, nos interrogatorios e nas probas periciais, as técnicas dirixidas á averiguación e o establecemento dos feitos nos diferentes tipos de procedemento. B1 B2
- CON-02 Describir detalladamente as distintas técnicas de composición de intereses. B7
- CON-07 Determinar a instancia administrativa ou xurisdiccional e a acción ou actuación procedentes para a defensa dos dereitos dos clientes. B8 C1
- CON-08 Recoñecer o instrumento xurídico procedente para representar aos interesados ante terceiros, ante as administracións públicas e ante os órganos xurisdiccionais. D1 D6
- HAB-01 Aplicar correcta e adecuadamente os coñecementos especializados adquiridos no grao no exercicio profesional ante tribunais ou autoridades públicas, así como nas funcións de asesoramento respectando os principios e valores democráticos e os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable. D7
- COMP-01 Coñecer e utilizar de forma axustada o dereito á defensa e a postulación procesual dos clientes no marco dos sistemas de tutela xurisdiccionais nacionais e internacionais.
- COMP-06 Expresarse oralmente e por escrito, de forma adecuada ao contexto e ás necesidades ou características especiais de cada destinatario/a, e extraer das feitos consecuencias xurídicas de forma argumentada, en todos os ámbitos procedimentais.
- COMP-07 Interactuar de forma apropiada cos/as cidadáns, institucións e outras persoas profesionais.

## Contidos

Tema	
<b>BLOQUE I</b>	<b>DEREITO PENAL SUSTANTIVO</b>
Tema I. TIPOS DE INFRACCIÓNS PENAIS	1. Delitos graves, menos graves e leves. 2. Dolo e imprudencia
Tema II. AS CONSECUCIÓNS XURÍDICAS DO DELITO	1. As penas e as medidas de seguridade. 2. A súa aplicación.
Tema III. CULPABILIDADE	1. A imputabilidade. 2. A esixencia dun comportamento distinto. 3. O coñecemento da prohibición. 4. As causas de exclusión da culpabilidade
Tema IV. A RESPONSABILIDADE PENAL DAS PERSOAS XURÍDICAS	1. Consideracións previas. 2. Criterios de atribución. 3. As consecuencias xurídicas.
<b>BLOQUE II</b>	<b>DEREITO PROCESUAL PENAL</b>
Tema I. ESTRUCTURA DO PROCESO PENAL E OS SEUS PRINCIPIOS INFORMADORES.	1. Principios constitucionais de dereito penal e proceso penal. Especial referencia á presunción de inocencia e principio acusatorio. 2. Estructura do proceso penal. Fases do proceso e as súas características. 3. Tipos de procedementos penais: ordinarios e especiais. A súa determinación.
Tema II. OS SUXEITOS E O OBXECTO DO PROCESO PENAL.	1. O órgano xurisdiccional. A competencia no proceso penal. 1.1. Criterios de determinación da competencia (obxectiva, funcional e territorial). A conexión. 1.2. Tratamento procesual da competencia. 2. As partes no proceso penal. 2.1. As partes acusadoras no proceso penal. 2.2. As partes acusadas no proceso penal. 2.3. O actor civil. 2.4. O responsable civil. 2.5. A intervención do avogado no proceso penal. O avogado como representante. 2.6. Actos de comunicación. 3. O obxecto do proceso penal. Pretensión penal e pretensión civil.
Tema III. A INCOACIÓ DO PROCESO PENAL. FORMAS DE INCOACIÓ DO PROCESO PENAL.	1. Denuncia. 2. Querrela. 3. Atestado policial. 4. Incoación de oficio.
Tema IV. FASE DE INSTRUCCIÓN.	1. A instrucción preliminar da Policía Xudicial e do Ministerio Fiscal. Intervención do avogado. 2. A instrucción xudicial. Sumario. Dilixencias previas. Dilixencias urxentes. 3. As dilixencias de investigación. 3.1. Recoñecemento e identificación do imputado. a) Recoñecemento en roda, fotográfico, dactiloscópico e por marcadores de ADN. b) Determinación das circunstancias persoais do imputado. 3.2. Dilixencias sobre o corpo do delito. Autopsia. Recollida e conservación do instrumento e efectos do delito. 3.3. Inspección ocular. 3.4. Inspeccións corporais. 3.5. Declaración do imputado. 3.6. Declaracións testificais. 3.7. O careo. 3.8. A pericia na instrucción. 3.9. Confidentes policiais. 3.10. Análises alcoholimétricos. 3.11. As medidas de investigación tecnolóxicas. 4. Dilixencias de investigación reservadas ao Xuíz instructor. 4.1. Intervención das comunicacións persoais. 4.2. Entrada e rexistro en lugar pechado. 4.3. Intervencións corporais. 4.4. Axentes encubiertos. 4.5. Circulación e entrega vixiada de drogas.
Tema V. AS MEDIDAS CAUTELARES.	1. Medidas cautelares persoais. 1.1. A detención. a) Dereitos do detido. b) Asistencia ao detido. b.1. Asistencia nas dependencias dos corpos de seguridade. Art. 520.6 a) y b). b.2. Asistencia en dependencias xudiciais. b.3. Comparecencia do art. 523. c) Habeas corpus. 1.2. A prisión provisional. 1.3. A liberdade provisional. 1.4. Outras medidas cautelares persoais. 2. Medidas cautelares reais. 2.1. Medidas cautelares tendentes á conservación dos efectos e instrumentos do delito. 2.2. Medidas cautelares tendentes ao aseguramento das responsabilidades pecuniarias. A fianza e os embargos. 3. Medidas de protección da vítima. Especial referencia á orde de protección.
Tema VI. A PENA.	

Tema VII. A PROBA NO PROCESO PENAL.	1. A proba no xuízo oral e os seus principios informadores. 2. A proba anticipada e preconstituída. 3. Medios de proba no proceso penal. Especial referencia á proba indiciaria. 4. Proba prohibida e proba ilícita. 5. Valoración da proba. Presunción de inocencia e principio in dubio pro reo.
Tema VIII. A SENTENZA E OS SEUS EFECTOS NO PROCESO PENAL.	1. A sentenza: cousa xulgada. Firmeza. 2. Sentenza condenatoria. 3. Sentenza absolutoria e os seus efectos. 4. Indulto. 5. Responsabilidade civil.
Tema IX. OS RECURSOS NO PROCESO PENAL	
Tema X. OS PROCESOS PENAIS ORDINARIOS. ESTUDO ESPECÍFICO.	
Tema XI. PROCESOS ESPECIALES.	
Tema XII. COOPERACIÓN XURÍDICA INTERNACIONAL EN MATERIA PENAL	

### Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Seminario	46	102	148
Exame de preguntas obxectivas	1	0	1
Estudo de casos	1	0	1

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

### Metodoloxía docente

	Descrición
Seminario	Estudo de casos e debate de conclusións. Exposición e debate de actividades propostas. Resolución de casos, elaboración de informes e ditames. Estudo e preparación de actividades prácticas.

### Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Seminario	As titorías do profesorado da materia poden consultarse en <a href="http://masteravogacia.webs.uvigo.es/gl/docencia/profesorado/">http://masteravogacia.webs.uvigo.es/gl/docencia/profesorado/</a>
Probas	Descrición
Exame de preguntas obxectivas	As titorías do profesorado da materia poden consultarse en <a href="http://masteravogacia.webs.uvigo.es/gl/docencia/profesorado/">http://masteravogacia.webs.uvigo.es/gl/docencia/profesorado/</a>
Estudo de casos	As titorías do profesorado da materia poden consultarse en <a href="http://masteravogacia.webs.uvigo.es/gl/docencia/profesorado/">http://masteravogacia.webs.uvigo.es/gl/docencia/profesorado/</a>

### Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Seminario	Para poder optar polo sistema de avaliación continua, o alumnado deberá asistir, polo menos, a un 80% das clases. A asistencia e participación activa nas clases presenciais representa o 25% da cualificación final.	25	B1 B2 B7 B8	C1	D1 D6 D7
Exame de preguntas obxectivas	Realizarase unha proba tipo test, cuxa nota constituirá o 35% da nota final. A data e a hora deste exame na primeira oportunidade será a prevista no calendario de probas de avaliación aprobado pola Comisión Académica do Máster para o presente curso académico.	35	B1 B2 B7 B8	C1	D1 D6 D7
Estudo de casos	Realizarase un caso práctico consistente no estudo dun caso. Esta proba representará o 40% da cualificación final. A data e a hora deste exame na primeira oportunidade será a prevista no calendario de probas de avaliación aprobado pola Comisión Académica do Máster para o presente curso académico.	40	B1 B2 B7 B8	C1	D1 D6 D7

### Outros comentarios sobre a Avaliación

#### 1. Primeira oportunidade

O/a estudante debe elixir entre un sistema de avaliación continua ou a realización dun exame final.

**a) Avaliación continua** De acordo ao descrito anteriormente.

#### b) Exame final

O/a estudante que non se someta ao sistema de avaliación continua ou que quede excluído do mesmo realizará un único exame final. Este exame representa o 100% da cualificación da materia.

O exame constará de tres partes:

- 1) Un exame tipo test, que representa o 35% da cualificación final.
- 2) Un caso práctico consistente no estudo dun caso. Esta proba representa o 40% da cualificación final.
- 3) Exposición e defensa pública do caso práctico, a efectos de avaliar a adquisición de competencias da materia, nas mesmas condicións que o/a estudante que se acolleu ao sistema de avaliación continua. Esta proba representará o 25% da cualificación final.

As competencias que se avalían e os resultados de aprendizaxe para o alumnado que non se somete á avaliación continua coinciden cos establecidos para o alumnado que se somete á avaliación continua, a saber: B1, B2, B7, B8, C1, D1, D6 y D7.

## **2. Segunda oportunidade**

A. O/a estudante que se someteu a avaliación continua conservará a nota que obtivo no mesmo curso. Nestes casos, o exame representa o 75% da cualificación final.

O exame final constará de dúas partes:

- 1) Un exame tipo test, que representa o 35% da cualificación final.
- 2) Un caso práctico, consistente no estudo dun caso. Esta proba representa o 40% da cualificación final.

B. O/a estudante que non se someteu ao sistema de avaliación continua ou que quedou excluído do mesmo realizará un exame. Este exame representa o 100% da cualificación da materia.

O exame constará de tres partes:

- 1) Un exame tipo test, que representa o 35% da cualificación final.
- 2) Un caso práctico consistente no estudo dun caso. Esta proba representa o 40% da cualificación final.
- 3) Exposición e defensa pública do caso práctico, a efectos de avaliar a adquisición de competencias da materia, nas mesmas condicións que o/a estudante que se acolleu ao sistema de avaliación continua. Esta proba representará o 25% da cualificación final.

As datas e os horarios das probas de avaliación das diferentes convocatorias son os especificados no calendario de probas de avaliación aprobado pola Comisión Académica do Máster para o presente curso. As cualificacións publicaranse na plataforma interna ou aula virtual oficial da Universidade de Vigo con acceso limitado ao profesorado da asignatura e ao alumnado matriculado.

As competencias que se avalían e os resultados de aprendizaxe para o alumnado que se somete a segunda oportunidade de exame coinciden cos establecidos para o alumnado que se somete á avaliación continua, a saber: B1, B2, B7, B8, C1, D1, D6 y D7.

En todos os casos, as probas realizadas permitirán avaliar os resultados de formación e aprendizaxe.

### **TUTORÍAS**

As do profesorado universitario pódense consultar no perfil docente na Uvigo

(<http://masteravogacia.webs.uvigo.es/gl/docencia/profesorado/>) as do profesorado profesional atenderanse previa concertación de cita.

---

### **Bibliografía. Fontes de información**

#### **Bibliografía Básica**

ABEL SOUTO, Miguel, **La Suspensión de la Ejecución de la Pena**, última edición, Tirant lo Blanch,

CARDENAL MONTRAVETA, Sergi, **La Prescripción de la Pena Tras la Reforma del Código Penal de 2015**, última edición, Tirant lo Blanch,

CÉSAR BUSATO, Paulo, **Tres Tesis Sobre la Responsabilidad Penal de Personas Jurídicas**, última edición, Tirant lo Blanch,

CUTIÑO RAYA, Salvador, **Fines de la Pena, Sistema Penitenciario y Política Criminal**, última edición, Tirant lo Blanch,

GRACIA MARTÍN, Luis (coord.)/BOLDOVA PASAMAR, Miguel Ángel/ALASTUEY DOBÓN, Carmen, **Lecciones de consecuencias jurídicas del delito: el sistema de penas, medidas de seguridad. consecuencias accesorias y responsabilidad civil derivadas del delito**, última edición, Tirant lo Blanch,

LUZÓN PEÑA, (dir.), DÍAZ Y GARCÍA CONLLEDO, (coord.), DE VICENTE REMESAL, PAREDES CASTAÑÓN. OLAIZOLA, **Código Penal y legislación complementaria**, última edición, Reus,

LUZÓN PEÑA, Diego-Manuel, **Lecciones de Derecho penal. Parte general**, última edición, Tirant lo Blanch,

LUZÓN PEÑA, Diego-Manuel (dir.), **Derecho Penal en Casos Parte General -Estudio Analítico-práctico-**, última edición, Tirant lo Blanch,

QUINTERO OLIVARES, Gonzalo (DIR.), **Tomo XIX Esquemas de Teoría Jurídica del Delito y de la Pena**, última edición, Tirant lo Blanch,

RODRÍGUEZ YÁGÜEZ, Ana Cristina, **La Ejecución de las Penas de Prisión Permanente Revisable y de Larga Duración**, última edición, Tirant lo Blanch,

RUBIO LARA, Pedro Ángel, **Teoría de la Pena y Consecuencias Jurídicas del Delito**, última edición, Tirant lo Blanch,

VALDEZ MEZA, Sergio, **La Individualización Judicial de la Pena en el Sistema Acusatorio**, última edición, Tirant lo Blanch,

---

ASENCILO MELLADO, J. M., **Derecho procesal penal**, última edición, Tirant lo Blanch,

---

MORENO CATENA, V.; CORTÉS DOMÍNGUEZ, V., **Derecho procesal penal**, última edición, Tirant lo Blanch,

---

PINTO PALACIOS, Fernando, **Test de la especialidad penal para la prueba de acceso a la abogacía**, Última edición, La Ley Wolters Kluwer,

---

DÍAZ PITA, M<sup>a</sup> Paula, **Acceso a la abogacía. Tomo 3, Materia penal**, Última edición, Editorial Tecnos (Grupo Anaya, S.A.),

---

BELÉN CAMPUZANO Ana; ENCISO ALONSO MUÑUMER, María, **Preguntas test examen acceso a la abogacía**, Última edición, Francis Lefebvre Lefebvre-El Derecho,

---

PALOMAR OLMEDA, Alberto, **Acceso a la abogacía y procura : preparación del examen de acceso**, Última edición, Editorial Aranzadi,

---

AA.VV., **Memento práctico Francis Lefebvre. Acceso a la abogacía**, Última edición, Francis Lefebvre,

---

**Bibliografía Complementaria**

---

CUELLO CONTRERAS, Joaquín/MAPELLI CAFFARENA, Borja, **Curso de Derecho penal. Parte general**, última edición, Tecnos,

---

DEMETRIO CRESPO, Eduardo (coord.), **Lecciones y materiales para el estudio del Derecho penal, Tomo II: Teoría del delito**, última edición, lustel,

---

DÍEZ RIPOLLÉS, José Luis, **Derecho penal español, Parte General, en esquemas**, última edición, Tirant lo Blanch,

---

GIL GIL, Alicia/LACRUZ LÓPEZ, Juan Manuel/MELENDO PARDOS, Mariano/NÚÑEZ FERNÁNDEZ, José, **Curso de Derecho penal, Parte General**, última edición, Dykinson,

---

GONZÁLEZ CUSSAC, José Luis, **Esquemas: Derecho Penal. Parte General**, última edición, Tirant lo Blanch,

---

MIR PUIG, Santiago (a cargo de Víctor Gómez Martín), **Derecho penal. Parte general**, última edición, Reppertor,

---

MUÑOZ CONDE, Francisco/GARCÍA ARÁN, Mercedes, **Derecho penal. Parte general**, última edición, Tirant lo Blanch,

---

ORTS BERENQUER, Enrique/GONZÁLEZ CUSSAC, José Luis, **Compendio de Derecho penal. Parte General**, última edición, Tirant lo Blanch,

---

## **Recomendaciones**

### **Materias que continúan o temario**

Práctica Penal II/O03M110V11212